



# BANDO INFORMATIVO

## SERVIZO DE LIMPEZA

Xoan Xosé Carril Ramos, alcalde do Concello de Arzúa

INFORMA: Ante a situación que estamos a padecer motivada pola eventual falta de persoal no servizo de limpeza, desde o Concello de Arzúa somos conscientes do problema que esta carencia pode representar para a nosa veciñanza.

Desde o Concello levamos tempo intentando poñer solución a esta situación convocando un proceso de selección para constituir unha bolsa de emprego de varredor/a que se iniciou o 16 de xaneiro coa publicación das bases no BOP (Boletín Oficial da Provincia)

Como todas e todos somos conscientes, os tempos que require a contratación na Administración Pública non son todo o áxiles que nos gustaría, e é por iso que ante os tempos que debemos agardar para a contratación deste personal, apostamos por reforzar o servizo cun contrato temporal cunha empresa externa, que agardamos se poña en marcha coa maior brevedade posíbel.

Grazas pola vosa comprensión e desculpade as molestias.

O que se fai público para xeral coñecemento

Arzúa 6 de febreiro de 2024

Asdo. Xoan Xesús Carril Ramos